

## Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 26 de xullo de 2021 (PLENO 08/2021 )

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución do 21 de xullo de 2021 e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do RD 2568/1986 do 28 de novembro, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria** do **Pleno** que terá lugar no Salón de Plenos do concello de Carballo o **día 26 de xullo de 2021 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

**Se, á vista da evolución epidemiolóxica da COVID-19, a Administración competente variara o nivel de restriccións no termo municipal de Carballo, previa consulta cos voceiros dos grupos políticos municipais e, no seu caso, comunicación ao resto de concelleiros/as, valorárase a celebración desta sesión plenaria de modo telemático a través da aplicación TEAMS de Microsoft, de acordo co artigo 46.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril.**

**Sesión de:** Pleno  
**Convocatoria:** Sesión ordinaria

**Data da sesión:** 26-07-2021  
**Hora:** 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (28/06/2021). Aprobación.**
- 2.- Toma de posesión do concelleiro do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE, de don César Fernando Varela Novo.**
- 3.- Determinación dos festivos locais no termo municipal de Carballo para o ano 2022. Aprobación. (CIBPS de 20/07/2021).**
- 4.- Modificación Puntual do PXOM. Delimitación do núcleo rural n.º 1 de A Ponte Rosende. Aprobación inicial. (CIPUM de 20/07/2021).**
- 5.- Modificación Puntual n.º 8 do PXOM. Recualificación parcial do SX-EL 0520 como aparcadoiro. Aprobación provisional. (CIPUM de 20/07/2021).**
- 6.- Regulamento do Fondo Social do persoal do concello de Carballo. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 20/07/2021).**
- 7.- Modificación n.º 7 da Relación de Postos de Tráballo do concello de Carballo. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 20/07/2021).**
- 8.- Modificación n.º 1 do Cadro persoal do concello de Carballo para 2021. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 20/07/2021).**
- 9.- Contrato administrativo de xestión de servizo público, baixo a modalidade de concesión “Recollida de lixo, transporte, punto limpo e canceira do Concello de Carballo” (SEP 01/2012). Modificación nº 8 - Revisión de prezos. (CIFECRIC de 20/07/2021).**
- 10.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202190000004477 de 4 de xullo, para a creación dun servizo municipal de urxencias sociais que atenda 24 horas todos os días. (CIBPS de 20/07/2021)**

**11.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202190000004513 de 5 de xullo, para que as persoas con tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida poidan aparcar en zona azul sen límite temporal. (CIPUM de 20/07/2021).**

**12.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202190000004563 de 7 de xullo, para que se coloquen “lomos de asno” nos principais accesos a Carballo, coincidentes co inicio da limitación a 30 Km/h. (CIPUM de 20/07/2021).**

**13.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202199900003653 de 13 de xullo, sobre o acceso á praia de Razo. (CIPUM de 20/07/2021).**

**14.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202199900003654 de 13 de xullo, en apoio da asignación de recursos do programa “NEXT GENERATION” para as iniciativas ligadas ao ámbito da mobilidade sostible en concellos de menos de 50.000 habitantes. (CIFECRIC de 20/07/2021).**

**15.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202199900003662 de 13 de xullo, en apoio do Xacobeo 21-22. (CIBPS de 20/07/2021).**

**16.- Seguimento de órganos de goberno:**

16.1.- Resolucións da Alcaldía

16.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

16.3.- Rogos e Preguntas

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario  
D. José Villán Fuertes